




Educar contra a guerra:

***Análise dos procesos de construción de relatos e xestión das
memorias difíciles, a través do imaxinario cinematográfico e
vídeo-recreativo (gamer) sobre Vietnam***

Prof. Jesús Luís Vázquez Pajares

Imaxinario colectivo da guerra

Cando nos achegamos ao estudo de **conflitos bélicos contemporáneos**, rapidamente veñen á nosa memoria certas **imaxes tópicas** que fan relacionar estes con ideas como as da:

- **Mecanización da morte e modernización** das técnicas e **armamento**
- **Confrontación ideolóxica** e enfrontamentos simbólicos entre sistemas (ex. socialismo vs. capitalismo ou democracia vs. fascismos)
- Xenialidade de certos **mandos militares** emblemáticos (ex. Napoleón, Rommel, Zhukov, Patton, Mountbatten...)
- **Mobilización masiva** de millóns de combatentes e **esforzo de guerra**
- **Expansión territorial**, tratados e **disputas político-diplomáticas**



Fábrica alemá de tanques Stug III



Mapa mundi da “ofensiva vermelha” (1960s)



Xeneral Rommel



Lord Mountbatten



Mariscal Zhukov



Recrutas soviéticos en Moscú (1941)

Facetas ocultas nas contendas bélicas

Que teñamos ditas imaxes e que estas sexan certas (ao menos en parte), non quita que **falten** na análise da guerra, certas **apreciacións e enfoques**, principalmente centrados na **observación da guerra**, xa non coma a sucesión de xenerais, batallas, accións políticas ou avances tecnolóxicos, senón **coma barbarie** (propio da Historia Militar actual). Neste sentido, algunhas novas dimensións levaríannos a falar de:

- **Sufrimento e abusos contra as poboacións propias e inimigas**
- **Destrución, perda de infraestruturas e potencial demográfico**
- **Desatención médica e carestía entre combatentes e civís**
- **Masacre e persecución de poboacións**
- **Desprazamentos forzados e detencións arbitrarias**

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

As bombas atómicas de Hiroshima e Nagasaki (1945)


- **Enxeneiro Edmund Jaskiewicz (IIGM – Proxecto Manhattan) (Testemuña da suposta necesidade das bombas nucleares)** <https://www.youtube.com/watch?v=-utexIdpLyg&t=1750s> [29:07 – 29:53]

“Trofeos de guerra” femininos durante a IIª GM (1939-1945)

- **Francesas (IIGM – Francia) (Testemuñas das violacións do exército de liberación americano)** <https://www.youtube.com/watch?v=vN5drZXsDOU> [1:10 – 2:08]



Nagasaki tras a bomba atómica (1945)




Lanzamento da bomba



Hiroshima tras a bomba atómica (1945)



Grupo de mulleres e nenas recrutadas



**Nena chinesa parte das
“mulleres de consuelo”**



Escravas sexuais en campos de traballo

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

Bombardeos civís e desprazamentos na Guerra de Corea (1950-1953)


- **Supervivente coreano e veterán norteamericano** (Guerra de Corea) (Testemuña de ter sido ametrallados polo 7º de cabalería mentres marchaban en **caravana de refuxiados**, forzados polos mesmos americanos) <https://www.dailymotion.com/video/x8kvln0> [11:22 – 13:00]

Operacións “zippo”, “body count” e armas prohibidas en Vietnam (1965-1975)

- **Soldado Scott Camill** (Guerra de Vietnam) (**Radicalización dun soldado** que tras a morte dun compañeiro reconece **matar a todos os vietnamitas** que pode con independencia da súa idade, condición...) <https://www.youtube.com/watch?v=68Xc6-00Hlk&t=131s> [1:32 – 1:45]

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

- **Soldados americanos** (Guerra de Vietnam) (Testemuña sobre o **asesinato de nenos**) <https://www.youtube.com/watch?v=DOqKDy0o6HU> [2:08 – 3:47]
- **Soldado americano** (Guerra de Vietnam) (**Ataque a poboacións civís e destrución** nas operación “zippo”) <https://www.youtube.com/watch?v=tixOyiR8B-8> [4:36 – 5:38]
- **Soldados americanos** (Guerra de Vietnam) (**O body count, os trofeos humanos e o intercambio de orellas por cervexas**) https://www.youtube.com/watch?v=ztMD_pwbyF0



Trofeos humanos en Vietnam



Execución de civil por tropas vietnamitas aliadas



Familia vietnamita desprazada



**Norcoreanos executados e
apilados en fosas**



**Nena espida fuxe dos soldados tras
ser bombardea con napalm**



Bombardeo con naplam (“axente laranxa”)

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

Bombardeos civís e ataque a tropas retiradas na Guerra do Golfo (1990-1991)

- **Periodistas** (Guerra do Golfo) (Testemuñas sobre a “Autopista da morte” e os crimes de guerra que revelan o **bombardeo de civís e tropas claramente en retirada**, con intención de renderse) <https://www.youtube.com/watch?v=Iydj0yKq2EI> [1:17 – 2:17]

Non distinción entre combatentes e civís na Guerra de Irak (2003-2011)

- **Soldado americano** (Guerra de Irak) (Perversión do sentido do inimigo ate **considerar a toda a poboación civil, combatente**, autorizando a **disparar contra ela**. Tamén descripción de bombardeos en Bagdad) <https://www.youtube.com/watch?v=V2Pw6Zegj54> [3:35 – 5:00]

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

Torturas, asasinatos e “incidentes” na ocupación de Afganistán (2001-2021)


- **Periodista** (Guerra de Afganistán) (**Bombardeo dun hospital** e declaración do Pentágono considerándoo un “**erro humano**”) <https://www.youtube.com/watch?v=Oq5mcr-eI3s>
- **Exército austranialo** (Guerra de Afganistán) (**Desculpas polos asasinatos** inxustificandos vistos no **Informe Brereton**) <https://www.youtube.com/watch?v=l5rTC77V7gQ> [0:21 – 1:05]
- **Periodista** (Guerra de Afganistán) (**Interior da prisión de Bagram**, acusada de **detencións ilegais** con **presunción de culpabilidade**, retendo afgáns **sen xuízo** por períodos indefinidos de tempo) https://www.youtube.com/watch?v=DlUgh6C_5d4 [00:00-2:17]



**Soldado americano
sentado sobre detido**



Detidos afgãos apilados espidos



**Intérprete irakí
golpeando detidos ante a
impasividade americana**



Abuso sexual a reos



Garda arrastrando reo



**Soldado posando cun reo
morto durante tortura**



**“Autopista da morte” logo dos
ataques da aviación (1991)**



**Gaiola de tortura usada
na prisão de Bagram**



Bagdad bombardeada (2003)

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

Asasinatos étnicos, mobilizacións masivas, abusos e emprazamentos militares ilegais (en infraestruturas civís) na Guerra de Ucraia (2022-presente)


- **Periodistas** (Guerra de Ucraia) (**Violacións e violencia sexual** nos espazos de fronteira) https://www.youtube.com/watch?v=S4S_LOdFtl4 [0:00 – 0:33]
- **Periodistas** (Guerra de Ucraia) (**Detención, abuso e asasinato de prisioneiros de guerra rusos**) https://www.lemonde.fr/international/video/2022/05/13/prisonniers-russes-tortures-des-videos-verifiees-par-le-monde-mettent-en-cause-un-bataillon-de-volontaires-ukrainiens_6125904_3210.html [00-00:25]
- **Periodistas** (Guerra de Ucraia) (Evidencias da existencia de **campos de entrenamiento militar de nenos ucranianos**) <https://www.dailymotion.com/video/x4oh8nj> [00:00 - 1:00]
- **Periodistas** (Guerra de Ucraia) (**Bombas de racimo** en ambos bandos e entrega americana destas armas prohibidas) <https://www.youtube.com/watch?v=lsoI0d05zGc> [0:00 – 0:32]



Campamentos militares para nenos ucráinos



Bomba de racimo sen estalar



Mutilados de guerra



Desprazamentos obrigados pola guerra



Fosas comúns atopadas en Mariupol



Prostitución durante a guerra



Relixión ao servizo da guerra e “protección”

Outra guerra máis alá dos xenerais e mapas

Criminalización civil, ataques a obxectivos non militares, privación de alimento e outros bens básicos, detencións arbitrarias, tortura e morte de prisioneiros de guerra e desprazamento forzoso de poboación na Guerra de Gaza (2023-presente)

- **Periodistas (Guerra de Gaza) (Asasinato de palestino detido, previamente reducido no chan)** <https://www.youtube.com/watch?v=uZT7o2IG-gU&rco=1> [0:00 – 0:30]
- **Josep Borrel (Guerra de Gaza) (Denuncia do proxecto trumpista de desprazamento de poboación gazatí coma crime de guerra)** <https://www.youtube.com/watch?v=L8znZ4KIayg>
- **Ben Gvir, exministro de defensa israelí (Guerra de Gaza) (Sinala a un neno de 12 anos como terrorista, xustificando a necesidade da súa morte)** <https://www.youtube.com/shorts/WdMu1Zx7G4A>
- **Periodistas (Ocupación ilegal de terras na Cisjordania, instalando poboacións xudeas que reclaman a propiedade e soberanía israelí dos espazos)** https://www.youtube.com/watch?v=_R-G_HmE7A0
- **Periodistas (Torturas, violacións e outros abusos a reos palestinos contidos no Campo de detención de Sde Teiman)** <https://www.youtube.com/watch?v=NbxhybPXKC4>



Selfies entre as ruínas




Asasinato de periodistas



Vexación israelí a prisioneiros



Detención de nenos palestinos



Desprazamentos



Detidos árabes cargados en camiões



Gaza tras as campañas de bombardeos

Do crime da guerra aos crimes de guerra

Unha gran parte desas facetas ocultas, responde a **actos non só brutais, senón tamén constitutivos de violacións das leis internacionais sobre a guerra**, sintetizables nas **Convencións de Xenebra de 1949** e que o **Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional** cataloga como **crimes de guerra**. Entre eles, os máis coñecidos serían:

- **Asasinato de poboacións non combatentes**
- **Asasinato e/ou escravitude de prisioneiros de guerra**
- **Detención arbitraria e/ou emprego de métodos de tortura**
- **Ataque a poboacións e bens non identificables como obx. militares**
- **Deportación e/ou traslado de persoas dos seus lugares de orixe**

Do crime da guerra aos crimes de guerra

Inda que sempre se subliñan as **convencións de 1949**, estas non foron as únicas, conformando as “**leis da guerra**” unha **batería moito maior de textos** que van dende a **Declaración de París de 1856** ate as **Normas sobre municións de racimo de 2008**, pasando polos **catro Convenios de Xenebra de 1949** o **Estatuto de Roma de 1998** ou os **Principios de Núremberg de 1947**.

Ao marxe deles, é posible dicir (pese a constituír antes anécdotas que casos operativos), que **existiron intentos anteriores** por lexislar límites para a guerra **dende o Antigo Testamento** e algunhas **disposicións coránicas dos primeiros califas**. Para o noso **contexto cristiá e europeo**, o precedente máis antigo sería seguramente as **normas bélicas fixadas durante a Idade Media**, operativas **no sur de Francia**, onde chegaron a respectarse principios como os da “**Tregua de Dios**”.

Do crime da guerra aos crimes de guerra

A consolidación definitiva dos crimes de guerra, ao igual que dos **crimes lesa humanidade** como categorías operativas na análise bélica, punibles e depositarias dun certo compromiso internacional na súa contra; xurdiron **ao fin da IIªGM**, afianzándose a partir de **dous procesos mediático-xudiciais** máis ou menos contemporáneos:

- **Xuízos de Núremberg (1945-1946)**
- **Xuízos de Tokio (1946-1948)**

Outros procesos posteriores de interese que contribuíron a afianzar estas ideas e procederes foron:

- **Xuízo de Eichman en Israel (1960-1962)**
- **Xuízos ás Xuntas en Arxentina (1985)**
- **Xuízos de Ruanda (1994-2015)**

Os War Studies como referente de cambio

Coñecidos na **esfera anglosaxona** como **War Studies** e noutros espazos como **polemología** ou simplemente como **estudios bélicos**, esta rama da **investigación histórica** (pero tamén **ciencias políticas e sociolóxicas**) céntrase na análise da guerra dende as distintas **dimensións económica, social, cultural, psicolóxica...** Representando ao tempo unha vía para a **ruptura coas imaxes máis tradicionais** dos conflitos.

O interese antes amosado pola cuestión dos crimes de guerra enmárcase directamente dentro destes **War Studies** cuíos **temas principais** entre outros son os **xenocidios**, a **banalidade e universalidade da violencia** (en especial na IIªGM), os **traumas de guerra**, as **experiencias persoais dos soldados...**

<https://www.youtube.com/watch?v=XJAPlKwYwOY>

Canción de guerra “non lle digas a mamá que estou rumbo a Bajmut”
(2023) (adaptación da orixinal composta na Guerra de Chechenia)

Fontes para os estudos sobre a guerra

Ningún dos estudos ou dimensións de análise das que vimos de falar **sería posible sen as fontes**, en cuxa ausencia é imposible a construción de calquera relato histórico. Estas observan **clasificacións tradicionais** de seguro coñecidas, as cales podemos repasar dicindo, existen:

- Según o **tipo** ou orixe:
Fontes **primarias** e **secundarias**
- Según a súa **finalidade** ou destinatarios:
Fontes **públicas** e **privadas**
- Según o **soporte** ou material:
Fontes **escritas, orais, arqueolóxicas, audiovisuais...**

Fontes para os estudos sobre a guerra

Ao marxe destas clasificacións, os **estudos bélicos** observan algúns **tipos específicos de fontes** (empregables noutras investigacións), clasificámolas aquí distinguindo **dous grupos**, un primeiro de **fontes de “baixa elaboración”** e un segundo de **fontes de “alta elaboración”**.

Fontes de “baixa elaboración”

- 1) **Entrevistas** (próximas aos feitos e con pouca contaminación de relatos oficiais)
- 2) **Egodocumentos** (ex. cartas e debuxos dos soldados)
- 3) **Fotografías e vídeos** (tanto de combatentes como periodistas)

Fontes de “alta elaboración”:


- 1) **Reportaxes e documentais**
- 2) **Memorias, biografías e autobiografías**
- 3) **Recreacións dos feitos** (ex. películas ou xogos)

Dimensións clásicas da análise bélica

Pese a existir na actualidade novos marcos como o sinalado respecto dos War Studies, nadie dubida da **maior antigüidade, recoñecemento e pegada que ten na visión popular dos estudos bélicos**, a súa asociación con **ideas** vencelladas á **dimensión político-militar** como:

- **Protagonismo militar** e de **personalidades** con gran incidencia no **elemento loxístico** e de **mando**.
- **Xestas épicas de conquista, fundación e consolidación de reinos, imperios ou nacións** (dependendo dos referentes cronolóxicos).
- Vinculación ou **deriva directa dos acordos diplomáticos** (alianzas, tratados, compromisos entre chancelerías e familias...) vistos como **antesala das contendas, naturais e inevitables**.

Elementos como o **xenio militar**, a **ambición persoal** ou mesmo o **destino**, substitúen nas narrativas a outros factores, invisibilizando personaxes menores e o que é máis trágico, **impedindo outra historia, máis crítica e menos elitista**, centrada nos soldados do emperador, as penurias da fronte rusa ou o fenómeno social e cultural que faría, na Francia de mediados do século XIX, do bonapartismo un verdadeiro fenómeno de masas entre os xóves románticistas



O xoven Napoleon Bonaparte estudando na academia militar de Brienne

(Jacques de Bréville)

Representación clásica da historia de personaxes, xenerais, heroes de guerra, responsables de **grandes xestas fundacionais**, frecuentemente mesturadas cos propios **relatos nacionais** (neste caso franceses)

Dimensións novidasas da análise bélica

Gracias en parte á existencia das alternativas e aproximación que representan os War Studies, é posible desenvolver na actualidade **achegas distintas ao estudo da guerra**, tratado dende **novas dimensións** (máis alá da político-militar clásica), entre as que nos gustaría **destacar** as seguintes:

- **Dimensión socio-cultural**
- **Dimensión económico-demográfica**
- **Dimensión psicolóxico-familiar**

Dimensións novidasas da análise bélica

En canto á **dimensión socio-cultural**, permítenos falar das pegadas dos conflitos a través dos seus **produtos culturais, memorias colectivas, imaxinarios, recordos, traumas xeracionais...** Ao respecto disto, cremos poder sinalar algún exemplos que seguen este espírito serían:

- O fenómeno do pacifismo “política de apaciguamento” do primeiro ministro británico Chamberlain no período de entreguerras (exemplo desa pegada social da guerra nas xeracións combatentes e non combatentes que a padeceran como un episodio altamente traumático).
- A negación do relato do colaboracionismo de poboacións como a danesa, belga, lituana, estona, ucraína, norueguesa, polaca... durante a ocupación alemá na IIªGM (exemplo de pasados difíciles ignorados pola dificultade para a súa xestión)



**Mulleres belgas
sospeitosas de
antifascistas,
humilladas
publicamente nas
rúas ante a
impasividade da
poboación**

https://www.youtube.com/watch?v=_gGppFLNaio

**Discurso gravado “a paz dos nosos tempos”
(1938) de enorme intereses para analizar os
desexos e marcado pacifismo da sociedade
inglesa daqueles intres**

Reunión do Partido Nacional Belga (1941)



**Chamberlain ao seu regreso da Conferencia de
Munich anunciando a “paz dos nosos tempos” (1938)**



Dimensións novidasas da análise bélica

Respecto da **dimensión económico-demográfica**, leva a considerar facetas esquecidas da **destrución asociada á guerra**, visibles non só a partir da **morte dos combatentes**, senón tamén na alteración das **pirámides demográficas**, a intensificación dos **desprazamentos** ou a **traxedia económica** e o **endebedamento**. Son exemplos:

- O **bombardeo de Dresde** e a destrución da cidade alemá, **privada por igual de infraestruturas civís e militares**.
- A **inflación do marco alemán no período de entreguerras**, en parte alentado no cumprimento das **obrigas de compensación económicas** asinadas no **Tratado de Versalles de 1919** (unha verdadeira “paz cartaxinesa”).
- A **expulsión dos alemáns étnicos** (de 12 a 14 millóns de persoas) de diferentes puntos da **Europa oriental** (confundindo novas e vellas colonias).



Dresde arrasada tras os Bombardeos Aliados (1945)

https://www.youtube.com/watch?v=RZ_nZXpleLY

**Vídeo cidades alemás destruídas tras os
bombardeos de finais da IIªGM**



Expulsión dos alemáns étnicos (1945 – 1946)




Hiperinflación en Alemaña (1923)

Dimensións novidasas da análise bélica

No referente á **dimensión psicolóxico-familiar**, podemos sinalar o **interese crecente polas historias de vida**, as **experiencias persoais**, os **dramas familiares** e no referente en exclusiva aos soldados, as **experiencias bélica** e os **traumas de guerra**. Algúns exemplos serían:

- **Enfermos físicos e psíquicos**, o **estrés post-traumático** (especialmente visible en guerras como a IªGM, IIªGM ou Vietnam) e a **pervivencia da contenda na memoria** como **factor incapacitante**, **dificultador da reincorporación á vida civil**.
- **A rutura das familias** asociada á **morte dos fillos**, **maridos...**, a **separación** ou o **directo enfrontamento no caso de guerras civís** e similares.



Dmitri Baltermants, veterán do exército vermello nun dos primeiros desfiles da vitoria aos que se lles permitiu acudir (1970)




Excombatentes da IGM xogan ás cartas con próteses (1920)

<https://www.arte.tv/es/videos/119757-000-A/arte-reportaje/>

Testemuña de viúvas da Guerra de Ucraína (22:47 – 24:00)



Cartelería falanxista usada para a recadación de esmola para as familias dos soldados sublevados mortos

Fonte	Referencia para consulta	Tipo de fonte	Idea principal	Ideas secundarias
1) Entrevista e experiencias de dous veteráns da Guerra de Vietnam (1970)	https://www.youtube.com/watch?v=7jKo4rDOszI			
2) Carta dun soldado arxentino durante a Guerra de Malvinas (1 de xuño de 1982)				
3) Fotografía de muller anciá desprazada pola Guerra de Ucraia (2023)				
4) Reportaxe sobre a Guerra de Iugoslavia (1993)	https://www.youtube.com/watch?v=Eb48FCkHdf4			
5) Presentación campaña de Stalingrado (IIªGM) Call of Duty I (2003)	https://www.youtube.com/watch?v=ZSvGFI9hr50			
6) Conversa cun supervisor de campo xaponés sobre o emprego de escravas sexuais A condición humana I (1959)	https://www.youtube.com/watch?v=HOQPwv1d3Tc			

	Reflexións sobre as imaxes transmitidas polas fontes en cada caso
1)	
2)	
3)	
4)	
5)	
6)	

PREGUNTAS PARA A AULA

- 1- Que outras **dimensións da guerra** podedes **votar en falta**?
- 2- No que refire ás **vítimas notades a ausencia dalgunhas** delas?
- 3- Credes que estas **dimensións consideradas como novas** son **realmente tan novas** ou xa as **coñeciades**?
- 4- **Experimentáchedes** na vosa educación **contacto con explicacións sobre contendas** concretas que se detivesen a **tratar estes aspectos** (ex. situación das viúvas e familias, dos mutilados de guerra, a saúde psíquica dos combatentes, a incidencia económica das contendas...)?
- 5- Con independencia do anterior, **diríades que a historia militar clásica**, dos personaxes e as operacións, **segue a ser a primordial**?


Do recordo á restitución pasando pola memoria

A memoria na historia e moi especialmente na dimensión social e bélica, diferenciase da imaxe que manexamos da **memoria biolóxico-individual (RECORDO)**, entendendo esta última como a

“calidade psíquica para o almacenaxe, recuperación e reelaboración de informacións pasadas e que podemos subdividir en memoria a curto, medio e longo prazo”

Pese a atoparse máis próxima, tamén debe distinguirse a nosa memoria da **memoria histórica do xurista (RESTITUCIÓN)**, pois para o segundo esta é:

“o recoñecemento xurídico e reparación asociada a feitos criminais pasados acontecido no marco de réximes ditatoriais”



Esquema de funcionamento da “memoria biolóxica”

BOE

BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

Núm. 252

Jueves 20 de octubre de 2022

Sec. I. Pág. 142367

I. DISPOSICIONES GENERALES

JEFATURA DEL ESTADO

17099 Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática.

FELIPE VI

REY DE ESPAÑA

A todos los que la presente vieren y entendieren.
Sabed: Que las Cortes Generales han aprobado y Yo vengo en sancionar la siguiente ley:

PREÁMBULO

I

Desde el fin de las guerras civiles y conflictos mundiales que asolaron Europa en el siglo XX, y especialmente desde el Holocausto, el impulso de las políticas de memoria democrática se ha convertido en un deber moral que es indispensable fortalecer para neutralizar el olvido y evitar la repetición de los episodios más trágicos de la historia. El firme compromiso con la pedagogía del «nunca más» se ha convertido en un imperativo ético fundamental en las sociedades democráticas en todo el mundo.

Preámbulo da lei de memoria democrática



Manifestación en recoñecemento das vítimas do franquismo

https://www.youtube.com/watch?v=f13UMZR_sMA&t=116s

Xuízo ás xuntas, Arxentina 1985 [3:36-4:49]

<https://www.youtube.com/watch?v=an2qpLvNx18>

Xuízo a un oficial das SS [0:00-1:22]

Do recordo á restitución pasando pola memoria

Podemos falar da primeira como unha memoria exclusiva do **indivíduo**, contraposta cunha **memoria histórico-social (MEMORIA)**, da que podemos dicir, seguindo as teses de **LaCapra** e **Pierre Norá**:

- Lígase a procesos de conmemoración, lexitimación e construción social de relatos (onde son claves os “lugares de memoria).
- Representa un esforzo por conxugar os recordos individuais e as impresións colectivas, conformándose a memoria histórica a partir da multiplicidade de memorias.
- Toma parte esencial da definición das narrativas sobre o pasado, e en consecuencia, da construción da historia.
- Eríxese como un campo en disputa onde deben primar lecturas éticas, reivindicadoras da paz, a xustiza ou o recordo ás vítimas.



Placa con consigna falanxista en Ceuta

<https://www.youtube.com/watch?v=bvQ1aCbUwms>

Cinemática final *Battlefield I*

<https://www.youtube.com/watch?v=zWkzPlsy86Y>

Capítulo final *Valiant Hearts* [0:58 – 3:37]

<https://www.youtube.com/watch?v=1A60LjBxKPA>

Reportaxe do NODO con motivo da
misa inaugural do Val dos Caídos (1959)

<https://www.youtube.com/watch?v=9nY9XwJJ33M>

Complexo conmemorativo dedicado á “Nai Patria”,
Volgogrado (Stalingrado)




Cemiterio francés de Colleville-sur-Mer (para os aliados caídos no desembarco de Normandía)

Do recordo á restitución pasando pola memoria

Así, e sintetizando os puntos clave antes presentados, sería posible definir a **memoria histórica (MEMORIA)** como:

“o conxunto de narrativas persoais e sociais que artellan o relato colectivo sobre feitos pasados especialmente relevantes para a construción identitaria e/ou dotados de certa complexidade / discusión, os cales consideramos relevante conservar, definindo a partir desta memoria a imaxe histórica popular sobre os feitos que se tratan e analizan dende unha dimensión ética directamente ligada a uns valores que poden cambiar cos tempos e que, no noso contexto, resultan indisociables de principios como os de paz ou restitución/recoñecemento das vítimas”



<https://www.youtube.com/watch?v=XFhz3Cbwy0>

Exemplo de **memoria colectiva** relacionada coa percepción traumática da omnipresenza da morte durante os combates (testemuñas de veteráns do desembarco de Normandía)

<https://www.youtube.com/watch?v=VqfLznvreEw>

Exemplo de **memoria individual** ligada á experiencia e guerra de Oscar Poltronieri (heroe arxentino da Guerra de Malvinas) (entrevista con el)

<https://www.youtube.com/watch?v=z38JzLyk-A8>

Exemplo de **memoria colectiva** relacionada coas vivencias en Auschwitz, os olores dos crematorios e outros lugares comúns na memoria (reportaxe con testemuñas)

<https://www.youtube.com/watch?v=RlxViFJoVLM>

Exemplo de **memoria individual** ligada á percepción de indignación dun excombatente da División Azul, que sinta traicionada a Falanxe e o que considera o necesario recoñecemento da súa aportación á Historia de España

<https://www.youtube.com/watch?v=fURdmhRCCAQ>

Exemplo de **memoria marxinal** relacionada con discursos sobre o 11S como autoatentado ou atentado con implicacións dunha conspiración xudea-isrealí (informe sobre bulos en rtve con motivo do 20 aniversario da caída das torres)

<https://www.youtube.com/watch?v=tR7BuQZWBQM>

Exemplo de **memoria hexemónica** a carón do heroico levantamento da cidade de Madrid nos episodios do 2 de maio contra o exército napoleónico de ocupación

<https://www.youtube.com/watch?v=Uo9xzp1suFc> (1)

<https://www.youtube.com/watch?v=Jx2Pg-lQqlk> (2)

Exemplo de **memoria marxinal (na actualidade e colectiva ou polo menos ampla no seu contexto)** a través (1) da observación da opinión de sectores sindicais (de UGT e CCOO) cun discurso moi enraizado inda nas orixes social-comunista, descontentos co modelo de transición española, en canto a dereitos laborais a data de 1979 (2) similares críticas de Gustavo Bueno ao modelo de transición e o mesmo sentido do emprego deste termo, falando do maior peso das continuidades no proceso

Os medios e a memoria

Os procesos polos que se constrúen as distintas memorias das que vimos falar, **non son alleos a intencionalidades**, participando e mesmo condicionando a súa forma distintos **axentes, implicados na representación de certas imaxes do pasado**. Estas imaxes, claves para a conformación das memorias, plásmanse en **medios de comunicación e produtos culturais** como son a televisión, as redes sociais, a literatura, o cine ou os videoxogos (entre outros).

ACTIVIDADE

1) **Masacre de Taejón** (bombardeos contra poboación civil durante a **Guerra de Corea**) e a construción do relato da inocencia americana:

- Historiador **Bruce Cumings** (Guerra de Corea) (Testemuña sobre as **revisións historiográficas da masacre de Taejon**, onde foron asesinados 7000 presos políticos para logo culpar aos comunistas)
<https://www.youtube.com/watch?v=6Cta5M9J3fE&t=87s> [1:07 – 2:01]

2) **Campaña contra Saddam Husein** (demonización do líder irakí e deshumanización da poboación do país) na **Guerra do Golfo**:

- Propaganda americana (Guerra do Golfo) (Noticia sobre as **testemuñas falsas de asasinatos de bebés**, estratexicamente creadas e usadas polo goberno americano para **condicionar a opinión pública e facela favorable á guerra**)
<https://www.youtube.com/watch?v=yoDGu8BxP04&rco=1> [0:00 – 6:30]


Construír relatos dende a fronte

A relación entre reportaxe de guerra e verdade nunca foi moi sólida pero si é certo que o modo de transmitir e participar da reelaboración dos relatos, mudou moito co tempo. É por este motivo que consideramos pertinente facer un breve repaso pola **historia destas reportaxes / periodismo de guerra**, dende a Guerra de Crimea ate o presente a través dalgunhas contendas chave:


- 1) **Guerra de Crimea** (1853-1856) + **Guerra de Secesión** (1861 - 1865)
- 2) **Guerra hispano-estadounidense** (1898) + **Guerra ruso-xaponesa** (1904-1905)
- 3) **Primeira Guerra Mundial (Iª GM)** (1914-1918)
- 4) **IIª Guerra italo-abisinia** (1935-1937) + **Segunda Guerra Mundial (IIª GM)** (1939-1945)
- 5) **Guerra de Corea** (1950-1953) + **Guerra de Vietnam** (1964-1975)
- 6) **Guerra de Malvinas** (1982) + **Intervención de Illa Granada e Panamá** (1983 e 1989)
- 7) **Guerra do Golfo** (1991) + **Guerras Iugoslavas** (1991-2001)
- 8) **Guerra de Ucraína** (2021-presente) + **Guerra de Gaza** (2023-presente)

Construír relatos dende a fronte

- 1) **Guerra de Crimea** (1853-1856) + **Guerra de Secesión** (1861 - 1865): fotografía de **escenarios** (sen combatentes ou sufrimento) ademáis de **retratos de xenerais e rexementos** (en clave épica).



Laboratorio fotográfico de campaña de Roger Fenton, usado na Guerra de Crimea



Infantería lixeira inglesa na Guerra de Crimea




Rexemento unionista negro durante a Guerra de Secesión



Oficiais confederados



Campamento militar na Guerra de Crimea




Xeneral Robert E. Lee

Construír relatos dende a fronte


2) **Guerra hispano-estadounidense** (1898) + **Guerra ruso-xaponesa** (1904-1905): primeiras grandes campañas propagandísticas ligadas á guerra, como a de **William Hearst** coas fotografías das “reconcentracións” de Weyler (crueldade asociada á guerra, subordinada a **usos políticos**) ou a cartelería xaponesa.



Alegoría da reconcentración



Imaxes de vítimas desnutridas da reconcentración difundidas na prensa norteamericana



Peixes cean soldados rusos

Construír relatos dende a fronte


3) **Primeira Guerra Mundial (Iª GM)** (1914-1918): censura, e difusión dun **esforzo de guerra colectivo**, concretado no **compromiso de informacións sempre favorable á guerra**.



Propaganda para a venda de bonos de guerra



Carteis a favor da intervención en Bélxica



Alemaña coma monstro



Soldados celebran na fronte



Periodistas visitando trincheiras lonxe da fronte

Construír relatos dende a fronte

4) **IIª Guerra italo-abisinia** (1935-1937) + **Segunda Guerra Mundial (IIª GM)** (1939-1945): creación da modalidade do **noticiario-documental propagandístico** (aplicable tamén ao español **NODO**) e difusión doutros **productos en vídeo** como a **serie de películas “por que luchamos?”**, clave na reorientación da opinión americana a favor da guerra.

- Instituto LUCE: *Ocupación de Addis Adeba* (capital de Etiopía) <https://www.youtube.com/watch?v=xGfsyJpBQ5I> [00:00 – 2:00]
- *Why We Fight 2: The Nazis Strike* https://www.youtube.com/watch?v=4-y_oz06_cQ&list=PLugwVCjzrJsXwAiWBipTE9mTlFQC7H2rU&index=2 [00:00 – 4:10]

Construír relatos dende a fronte

5) **Guerra de Corea** (1950-1953) + **Guerra de Vietnam** (1964-1975): salto da gran á pequena pantalla con retransmisións televisivas en gran e curto diferido (no primeiro caso en Corea e no segundo en Vietnam), coa aparición dunha **primeria gran produción de información crítica** que sobrepasan a censura militar.

- *Informativo televisivo sobre a Guerra de Corea* logo da intervención china e estadounidense (1950) https://www.youtube.com/watch?v=OF_Ts_6oSi8
- *Reportaxe da CBS* cun periodista retransmitindo unha “operación zippo” <https://www.youtube.com/watch?v=W0AmOw06lA0> [0:22 – 3:50]

Construír relatos dende a fronte

6) **Guerra de Malvinas** (1982) + **Intervención de Illa Granada e Panamá** (1983 e 1989): creación e primeira aplicación do **método angloamericano de control** (censura militar extrema con **periodistas desprazados dos núcleos da contenda**) resultando o maior éxito na **escaseza de imaxes** de todos estes episodios.

- Noticias sobre a preparación da *reconquista británica das Illas Malvinas* <https://www.youtube.com/watch?v=2JUw0JH0OiU> [3:17 – 4:30]
- *Declaracións a favor da invasión de Panamá e noticias sobre Noriega* e o seu encerro na embaixada dos Estados Pontificios (comedializada a través da música) <https://www.youtube.com/watch?v=m3LK5cuwJIQ> [0:30 – 1:27]

Construír relatos dende a fronte

7) **Guerra do Golfo** (1991) + **Guerras Iugoslavas** (1991-2001): guerra filmada en directo (retransmisión inmediata) convertida en espectáculo televisivo, onde cada vez máis é posible observar a reportaxe de guerra antes como a xustificación da guerra a toda costa (ex. Guerras Iugoslavas como guerras étnicas) **que como información periodística verídica.**

- Análise do *incremento das tensión en Iugoslavia* a partir da idea da protección especial que dende o goberno de Milošević se estaría dando aos serbios <https://www.youtube.com/watch?v=DOmN-WKOB9E>
- *Corresponsal de guerra en Bagdad* antes do inicio da operación “tormenta do deserto” <https://www.youtube.com/watch?v=Rv0GK8RtjpU> [5:24 – 7:14]

Construír relatos dende a fronte

8) **Guerra de Ucraína** (2021-presente) + **Guerra de Gaza** (2023-presente): recurso a **cámaras en cascos**, coas que é posible producir **imaxes POV en 1ªpersoa** con **correlacións co videoxogo**, contribuíndo a un proceso de **banalización e abstracción da guerra** cara a **esferas lúdicas e de irrealidade**.

- *Imaxes en primeira persoa tomada por soldados ucranianos nas trincheiras en Bajmut* <https://www.youtube.com/watch?v=TB8CI6fMxgk>
- *Imaxes en primeira persoa e drons do exército israelí en Gaza* <https://www.youtube.com/watch?v=ARcvdnUS2PE>

Construción e difusión de tópicos bélicos

Quedou claro ao ver a evolución da reportaxe bélica, que o **modo no que nos contan os sucesos cambia a nosa impresión** sobre eles, mais probablemente nada incida máis nesa modificación que as **reconstrucións** que facemos deses **pasados**. Para valorar axeitadamente ate que punto isto é así, tomaremos como referente unha guerra, a **Guerra de Vietnam**, e dous soportes ou **medios/industrias culturais** directamente implicadas neste xénero de recreacións, o **cine** por un lado e o **videoxogo** polo outro.

Para facernos unha idea de ate que punto estes mudaron o xeito no que entendemos a Guerra de Vietnam, é importante **identificar** algúns **tópicos** asociados a cada un dos ditos soportes.

Imaxes de Vietnam a través do cine

Deste modo e en relación ao **cine** podemos falar dos seguintes **tópicos**, asociando cada un a algúns título:

- 1) **Drogadicción** e contextos de marxinalidade → *Nacido el 4 de julio / Platoon*
- 2) **Desigualdades raciais e económicas** dos combatentes → *Platoon*
- 3) **Ostracismo** e **rexeitamento popular** a uns veteranos con graves **secuelas psíquicas** → *Forrest Gump / Taxi Driver*
- 4) **Violencia** e **fanatismo** nun **Vietnam** **espazo de irrealidade** → *Apocalypse Now / El cazador / Boinas Verdes*
- 5) **Alienación** do soldado e **abusos na instrución** → *La Chaqueta Metálica*
- 6) **Traizóns** polo **poder político e militar** (os **erros loxísticos**) → *Rambo I e II*

Imaxes de Vietnam a través do cine

1) Drogadicción e contextos de marxinalidade → *Nacido el 4 de julio/Platoon*

<https://www.youtube.com/watch?v=ZsRDr3miUyc> [00:00 – 1:15]

https://www.youtube.com/watch?v=V_-RGlLePnI [00:35 – 2:20]

2) Desigualdades raciais e económicas dos combatentes → *Platoon*

<https://www.youtube.com/watch?v=nc1ifhVSciU>

3) Ostracismo e rexeitamento popular a uns veteranos con graves **secuelas psíquicas** → *Forrest Gump / Taxi Driver*

<https://www.youtube.com/watch?v=KnnpnYAIId6dU> [0:15 – 1:00]

<https://www.youtube.com/watch?v=-QWL-FwX4t4> [1:20 – 1:48]

Imaxes de Vietnam a través do cine

4) Violencia e fanatismo nun Vietnam **espazo de irrealidade** → *Apocalipsis Now / El cazador Boinas Verdes*

<https://www.youtube.com/watch?v=ES7dzIXMCrs> [1:03 – 2:00]

<https://www.youtube.com/watch?v=ur1Kqs4IWew> [00:00 – 0:55]

5) Alienación do soldado e **abusos na instrución** → *La Chaqueta Metálica*

<https://www.youtube.com/watch?v=ZaLoGtmPURE> [0:30 – 2:10]

6) Traizóns polo **poder político e militar** (os **erros loxísticos**) → *Rambo I e II*

<https://www.youtube.com/watch?v=PtWHgkNH5yU> [0:40 – 1:54]

Imaxes de Vietnam a través do videoxogo

Para o caso do **videoxogo**, as imaxes ou **tópidos** que nos deixa esta industria a carón de Vietnam poderían sintetizarse nas seguintes:

- 1) **Entorno hostil** e **inimigos invisibles**: *Blak Ops I* e *Tunnel Rats:1968*
- 2) Elemento **soviético antagonista** e brutal, **sobredimensión** da incidencia da súa **propaganda**: *Call of Duty Blak Ops I*, *Hours of Darkness*, *Mafia III* e *Vietcong 2*
- 3) Normalización dos **bombardeos civís** e **guerra desigual**: *Battlefield Vietnam*
- 4) Romantización do comportamento dun **exército benfeitor**, que **resolve problemas** e **evita causar vítimas civís**: *Conflict Vietnam* e *Men of War Vietnam*
- 5) Recurso ao **hiperrealismo** na recreación do armamento, vehículos e uniformes coma **proba de verdade**: *S.O.G Prairie Fire*, *Arma III* e *Air Conflicts: Vietnam*
- 6) **Deshumanización** de **combatentes** e **civís**, **banalizando temas como os da prostitución** na guerra: *Shellshock: Nam '67* e *Men of Valor*

Imaxes de Vietnam a través do videoxogo

1) **Entorno hostil** e **inimigos invisibles**: *Blak Ops I* e *Tunnel Rats*:1968

<https://www.youtube.com/watch?v=KZnlDgF5FQI> [16:30 – 16:53/18:00 – 18:25]

2) Elemento **soviético antagonista** e **brutal**, sobredimensión da incidencia da súa **propaganda**: *Call of Duty Blak Ops I*, *Hours of Darkness*, *Mafia III* e *Vietcong 2*

<https://www.youtube.com/watch?v=jD8xO-yIOfs> [0:00 – 0:22]

<https://www.youtube.com/watch?v=PrEybtFfBzs> [0:00 – 2:17]

3) Normalización dos **bombardeos civís** e **guerra desigual**: *Battlefield Vietnam*

https://www.youtube.com/watch?v=_omDDX0d4hY [1:10 – 1:30]

Imaxes de Vietnam a través do videoxogo

4) Romantización do comportamento dun **exército benfeitor**, que resolve problemas e evita causar vítimas civís: *Conflict Vietnam* e *Men of War Vietnam*

<https://www.youtube.com/watch?v=CYUtGn-2Dwg> [0:50 – 2:10]

5) Recurso ao **hiperrealismo** na recreación do armamento, vehículos e uniformes coma **proba de verdade**: *S.O.G Prairie Fire*, *Arma III* e *Air Conflicts: Vietnam*

<https://www.youtube.com/watch?v=CitJ15KZZks> [1:33 – 2:33]

6) **Deshumanización** de combatentes e civís, **banalizando temas como os da prostitución** na guerra: *Shellshock: Nam '67* e *Men of Valor*

https://www.youtube.com/watch?v=Ck-VR_bOPJc [0:00 – 0:55]

ACTIVIDADE

En grupos de traballo, tomando o rol de reporteiros de guerra, **investigade un dos seguintes 5 conflitos contemporáneos**, tomando por base a **fonte dada** (**contrastada con novas fontes** buscadas autonomamente) para **elaborar ao remata, un comentario/ informe**, no que **analicedes** o caso asignado empregando **sensibilidades, vocabulario, preocupacións por vítimas ou crimes...** estraídos desas **novas dimensións de análise bélica** que traballamos durante as explicacións.

A idea é que o produto final, a entregar, ocupe **ao menos media/unha carilla** (**sen extensión límite**) e que recolla de xeito simple ademais dos ditos enfoques, a explicación daqueles **feitos, personaxes, realidades... da guerra que considerades máis importante dar coñecer** (pensade que como reporteiros, o voso informe ten a responsabilidade de ser a fonte pola que se informarán as demais persoas que non investigaran o conflito, sobre el).

Ao remate os vossos **traballos serán compartidos** nun espazo físico ou virtual para que o resto do **estudiantado poida valerse do voso esforzo para coñecer os feitos**.

ACTIVIDADE

- 1) **Crimes de guerra na formación de RDC (1997)** (recursos e estado de guerra perpetuo): analizar a situación actual das guerrillas, presenza da ONU e intereses subxacentes → <https://mainel.org/wp-content/uploads/2015/12/La-primera-guerra-mundial-africana.pdf>
- 2) **Conflitos no traspaso de poder en Etiopia (2020 - presente)** (violencia étnica xenocida con especial incidencia nas mulleres da rexión de Tigray): identificar esta violencia e reflexionar sobre a súa non visibilización mediática → <https://www.youtube.com/watch?v=vyxrcFgys1w>
- 3) **Golpe de Estado en Niger (2023)** (mercenarios e inxerencias europeas nos destinos políticos dun Estado): pensar as violacións da soberanía e como inflúen realidades como a presenza de terras raras (ricas en uranio) no cambio das lóxicas desa influencia → <https://www.youtube.com/watch?v=Zoj3DtC-tnc>
- 4) **Guerra civil en Myanmar / Birmania (2021 - presente)** (xenocidio contra os musulmáns rohinyás, violencia étnica e relixiosa): pensar os ataques militares, bombardeos, sesgo étnico-relixioso tras as masacres, vontade aniquiladora ou responsabilidades e intención → <https://www.20minutos.es/noticia/3424798/0/onu-elementos-genocidio-intencional-rohinyas-birmania/#xtor=AD-15&xts=467263>
- 5) **Conflitos no estado indio de Manipur (2023 - presente)** (violencias étnico-relixiosa e polémicas polas posicións ambivalentes entre a colaboración e o consentimento do Estado): pensar as implicacións do poder nas masacres así como outros casos de conflitividade en India, como o das guerrillas naxalitas → <https://www.amnesty.org/es/latest/news/2024/07/india-authorities-missing-in-action-amid-ongoing-violence-and-impunity-in-manipur-state-new-testimonies/>